



Secretaría Nacional

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, nº 10, 1º

15703-SANTIAGO

Tlfno.: 981-576800 Fax: 981-575839

Correo electrónico: galiza@cig-ensino.com

NOTA DE PRENSA

O MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA PRETENDE REDUCIR O HORARIO DA MATERIA DE TECNOLOXÍA NUN 30%

A CIG-Ensino, ante a proposta do MEC para a materia de Tecnoloxía, quere manifestar o seguinte:

Chama poderosamente a atención que se reduza a carga lectiva desta materia en preto do 30% nos tres primeiros cursos da ESO, pasando das actuais 195 horas lectivas que lle corresponden neste momento, a 145 que propoñen agora, no Borrador do Real Decreto de Ensinanzas Mínimas; é dicir, un total de 55 horas menos de clase para esta materia.

É inadmisíbel que, por exemplo, a materia de relixión con 140 horas teña case a mesma carga horaria que tecnoloxía.

Esta proposta drástica de redución de carga lectiva da materia supón que desaparezan do Currículo contidos relacionados coas tecnoloxías que son imprescindíbeis para que o alumnado reciba unha formación básica sobre o seu funcionamento e emprego, do contrario, o Currículo quedaría desfasado e alleo á realidade tecnolóxica e social actual.

De confirmarse esta posición do ministerio suporía que moito profesorado interino se quedaría sen traballo e que profesorado funcionario tería que impartir afíns, compartir centro ou quedar suprimido ou desprazado.

En consecuencia e co obxecto de que o alumnado acade os obxectivos e competencias básicas da materia, desde a CIG-Ensino propomos que a carga horaria lectiva para a materia de tecnoloxía ten que ser de 7 horas semanais en total para os tres primeiros curso de ESO e 3 para cuarto curso como é na actualidade.

Así a CIG-Ensino, amais de que xa defendeu esta proposta na Mesa Sectorial do MEC do día 14 deste mes, vai efectuar as seguintes accións: Demandarlle á Ministra, na entrevista que a CIG-Ensino vai manter o próximo martes, día 21, a retirada desta proposta e que a tecnoloxía recupere a actual carga horaria; demandar da Consellaría de Educación que realice as xestións oportunas para que o MEC mude de posición e entrevistarse co portavoz do BNG nas Cortes Xerais, Francisco Rodríguez, co obxecto de que leve a cabo unha iniciativa parlamentaria para que o MEC retire esta proposta.

Santiago, 20 de novembro de 2006

Secretaría de prensa da CIG-ENSINO